

## **Juan Gato desminte que a Xunta falase de posibles fusións entre cámaras**

**Ferrol. 12/05/2011.** O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato, desmentiu rotundamente que, na xuntanza que os titulares das nove cámaras galegas mantiveron con Nuñez Feijoo a pasada semana, se tratase da posible unificación destes organismos en entes provinciais.

Gato manifestou que o presidente da Xunta lles pediu que lle presentasen, de forma conxunta e seguindo uns criterios comúns, os correspondentes plans de viabilidade, adaptados á nova situación, contemplando tanto os gastos fixos como os posibles ingresos que poden acadar a través de novas vías de financiamento.

De feito, está previsto que os nove presidentes manteñan proximamente unha reunión para abordar esta cuestión.

O presidente da Cámara de Ferrol asegurou que "este é o esforzo que pide a Xunta como compromiso previo para axudar ás cámaras", unha axuda que aínda que non vai alcanzar o equivalente ao que estas entidades ingresaban a través do recurso cameral permanente, contribuiría ao seu financiamento a través de encomendas de xestión específicas.

Neste sentido, as dúas partes xa constituíron no mes de febreiro unha comisión bilateral para ir avanzando nas posibles materias de colaboración que aproveiten a estrutura destas corporacións para a realización das devanditas encomendas.

Tamén se tratará de buscar opcións de financiamento para que haxa continuidade de actuación en plans como o FOEXGA e outros programas de fomento da internacionalización, un dos ámbitos nos que as cámaras teñen máis experiencia e que debe ser prioritario nun contexto de crise no que as empresas buscan alternativas nos mercados exteriores.

Juan Gato lamentou que, a partir de rumores, se abra un debate de carácter localista que unicamente "engade confusión a unha situación bastante enrarecida de por si" como consecuencia dunha medida improvisada, adoptada polo goberno central, que cambiou o marco xurídico e o sistema de financiamento das cámaras

Considera que "máis parece unha contenda de carácter electoralista", en medio da campaña, e cun cariz político que, en ningún caso, se corresponde coa natureza e os obxectivos das cámaras de comercio.

